



COLEXIACIÓN: SOLICITUDE DE BAIXA VOLUNTARIA
(Instrucións ao dorso)

O/A arquitecto/a que subscribe Sr./Sra. _____

colexiado/a do Colexio de Arquitectos co nº _____, comparece ante a Xunta de Goberno
do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e

MANIFESTA que:

Conforme ao previsto no Art. 12.1, a) dos Estatutos colexiais non exerce a profesión no
territorio de Galicia e non ten compromisos profesionais pendentes de cumprimento.

Polo cal, mediante a presente

SOLICITA de esa Xunta que acorde a súa BAIXA VOLUNTARIA como colexiado/a no Colexio
Oficial de Arquitectos de Galicia.

En _____ a ____ de _____ de 20 ____.

Asdo.: _____.

XUNTA DE GOBERNO DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA

De acordo coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), informámoslle de que os seus datos de carácter persoal que voluntariamente facilite serán incluídos e tratados de xeito confidencial nos ficheiros "Colegiados / Colegiados-Gestión Interna" cuxo responsable é o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para a finalidade de xestión interna dos datos dos colexiados e xestión do arquivo público de arquitectos colexiados. Ao cumprimentar este documento vostede consinte expresamente que se poda levar a cabo o tratamento dos seus datos de carácter persoal. Así mesmo, vostede poderá exercer en calquera momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que recoñece a Lei dirixíndose por escrito ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con domicilio en Praza da Quintana, 3. Casa da Conga. 15704-Santiago de Compostela.

SOLICITUDE DE BAIXA COLEXIAL

1. Trámites para solicitar a baixa:

Conforme se indica no art. 12.1, a) dos Estatutos colexiais, a baixa voluntaria como colexiado deberá ser solicitada por escrito con manifestación de que non se exerce a profesión no territorio de Galicia, nin se teñen compromisos profesionais pendentes de cumprimento, ou acreditando noutro caso a renuncia correspondente.

Conforme ao anterior, **no caso de ter compromisos profesionais pendentes**, antes de solicitar a baixa voluntaria será preciso tramitar a renuncia ou renuncias correspondentes, de forma que non quede ningún traballo pendente de cumprimento.

Se o colexiado que solicita a súa baixa figura como **socio profesional** dunha sociedade inscrita no Rexistro de Sociedades profesionais colexial, a súa baixa pode implicar que dita sociedade perda a súa condición de profesional, o que implicaría a su baixa de oficio en dito Rexistro e a notificación desta circunstancia ao Rexistro Mercantil correspondente.

A solicitude de baixa voluntaria deberá realizarse a solicitude de baixa dirixida á Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, debidamente cuberta e asinada segundo o presente modelo, manifestando expresamente que non se exerce a profesión no territorio de Galicia nin se teñen compromisos profesionais pendentes de cumprimento.

En caso de que o formulario se cubra e asine **dixitalmente**, poderá remitirse a través da [plataforma de consultas no panel de servizos colexiais](#) ou por correo electrónico ao seguinte enderezo: secretaria@colexiodearquitectos.org

En caso de que o formulario se cubra e asine en **formato papel**, o formulario orixinal, acompañado dunha fotocopia do DNI do/da solicitante, poderá entregarse presencialmente en calquera oficina do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ou por correo postal ao seguinte enderezo:

*Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
Praza da Quintana, 1 – 2º
15704 Santiago de Compostela.*

2. Baixa colexial.

Unha vez recibida a solicitude de colexiación, a Secretaría colexial verificará que a mesma está completa e cumpre cos requisitos esixidos. A concesión da baixa será efectuada mediante un acordo da Xunta de Goberno, e inmediatamente notificada ao solicitante.

3. Reincorporación.

A reincorporación como colexiado/a no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia deberá ser solicitada por escrito á Xunta de Goberno, acompañada da documentación requirida.

Así mesmo, en caso de que o/a solicitante manteña débedas pendentes co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, requiriráselle a regularización das mesmas como requisito para acordar a súa reincorporación.